

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Referencia 2005.


Decembro 2010

### NOTA DE PRENSA

## En decembro de 2010 os prezos dos bens exportados diminuíron en termos interanuais un 1,9% e os dos bens importados aumentaron un 10,7%

Segundo os datos da operación “Índices de valor unitario para o comercio exterior”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, os prezos dos bens exportados na Comunidade Autónoma de Galicia diminuíron un 1,9% en decembro de 2010 con respecto ao mesmo mes do ano anterior. Para os bens importados, os prezos aumentaron un 10,7%.

No que vai de ano (ata decembro), os prezos dos bens exportados diminuíron un 6,8% e os dos bens importados medraron un 11,7%.



FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

### Clasificación por destino económico dos bens

Atendendo á clasificación por destino económico, a variación interanual dos prezos das exportacións de bens de consumo foi do 12,3%. Os prezos dos bens de equipo aumentaron un 4,6% e o dos bens intermedios diminuíron un 19,9%.

Nas importacións, os prezos dos bens intermedios e dos bens de consumo medraron un 16% e un 4,1%, respectivamente. Os prezos dos bens de equipo diminuíron un 24,2%



## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Decembro 2010

Índice xeral e clasificación por destino económico dos bens

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>-1,9</b>	<b>-6,8</b>	<b>ÍNDICE XERAL</b>	<b>10,7</b>	<b>11,7</b>
Bens de consumo	12,3	1,4	Bens de consumo	4,1	5,8
Bens de equipo	4,6	0,3	Bens de equipo	-24,2	-11,2
Bens intermedios	-19,9	-17,9	Bens intermedios	16,0	15,3

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais

## Clasificación por orixe/destino xeográfico

Por destino xeográfico das exportacións de bens, produciuse un incremento interanual do 4,1% para os países pertencentes á Unión Económica e Monetaria. Os prezos dos bens con destino a UE-25 e a OCDE diminuíron un 4,8% e un 2,5%, respectivamente. Para os países non pertencentes á OCDE a baixada foi do 0,1%.

Por orixe dos bens importados, os prezos dos bens procedentes de países pertencentes á OCDE aumentaron un 6,4% e os procedentes do resto de países un 20,5%.

## Índices de valor unitario para o comercio exterior. Decembro 2010

Clasificación por orixe/destino xeográfico

EXPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)		IMPORTACIÓNS	Variación sobre igual período ano anterior (%)	
	No mes	No que vai de ano		No mes	No que vai de ano
UEM	4,1	-5,2	UEM	4,1	11,5
UE-25	-4,8	-7,5	UE-25	-1,5	7,8
OCDE	-2,5	-7,1	OCDE	6,4	9,5
Resto de países	-0,1	-5,9	Resto de países	20,5	16,8

FONTE: IGE. Índices de valor unitario para o comercio exterior

NOTA: datos provisionais; UEM: Unión Económica e Monetaria

Información detallada:

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307004002](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307004002)

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_ivus\\_ref\\_2005\\_ga.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_ivus_ref_2005_ga.pdf)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>